



CIRCULAR INFORMATIVA

De conformidade co establecido na Resolución do 29 de setembro de 2022 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (DOG do 30 de setembro de 2022), o luns, día 28 de novembro de 2022, en horario de 17:00 a 20:00 horas, celébrase neste centro a votación para a elección de representantes dos pais/nais ou titores legais do alumnado no Consello Escolar do colexio. Para participar na referida votación, tal como se sinalaba na citada convocatoria, procederáse da seguinte forma:

1º.- Quen pode votar.

Teñen dereito a votar todos os pais, nais ou titores legais do alumnado matriculado no Centro que figure no Censo que ao efecto aprobou a Xunta Electoral, tras a súa exposición pública regulamentaria. Tal dereito corresponde tanto ao pai como á nai ou titor/a legal, podendo votar os dous.

2º.- Modo de emitir o voto.

- O voto será directo, secreto e non delegable.
- Os modelos de papeletas e sobres da votación serán, obrigatoriamente, os previamente fixados pola Xunta Electoral do centro, dos que haberá cantidade suficiente no local da votación.
- Nas referidas papeletas figurarán os nomes dos candidatos, por orde alfabético de apelidos, e cada elector deberá marcar cunha cruz un máximo de UN NOME das candidatas ou candidatos relacionados, debendo acreditar a súa personalidade, no momento de votar, mediante a exhibición do D.N.I. Ou documento similar.
- Finalizada a votación procederáse ao acto do escrutinio dos votos, que será público e , unha vez realizado, levantarse a correspondente Acta.

A dirección deste colexio anima todos os pais, nais e titores legais do alumnado a que participen na votación do próximo luns, como unha forma máis de colaboración na organización do centro, a fin de conseguir a máxima representatividade posible de pais e nais no Consello escolar.

A Coruña, 25 de novembro de 2022

A DIRECTORA DO CENTRO

Asoc. M^a Aurora Candal Miranda

